



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Incoación de procedemento de investigación de camiños ou terreos situados no monte veciñal en man común da Gándara

ANUNCIO

Incoación de procedemento de investigación de camiños ou terreos situados no monte veciñal en man común da Gándara.

Faise público que a alcaldesa, o 18 de febreiro de 2026, ditou a resolución núm. 216/2026, que na súa parte resolutive dí o seguinte:

“(....) PRIMEIRO.- Aprobar a incoación do procedemento de investigación dos camiños e terreos situados no monte veciñal en man común da Gándara, a efectos de comprobar a titularidade dos mesmos e o seu carácter de camiños públicos segundo a lexislación precitada.

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no BOP de Coruña, e dito anuncio no Taboleiro de Edictos municipal identificando o ben investigado.

TERCEIRO.- Facultar ós afectados para que no prazo dun mes a contar desde a finalización da anterior publicación, poidan alegar o que consideren acompañando os escritos nos que funden as súas pretensión.

De coñecer interesados identificables, notificárlles persoalmente esta resolución.

CUARTO.- Dar traslado á Administración Estatal e Autonómica, para que éstas, no seu caso, aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO.- Dar conta desta resolución no vindeiro pleno ordinario que se celebre.”

Vimianzo, 20 de febreiro de 2026

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2026/1061